



Os pavimentos tradicionais, de castiñeiro en moitos casos, feitos con táboas de 30 mm de grosor, estabilizados polo paso do tempo.



Os pavimentos de madeira

37. Como eran antes?

A nobreza dunha casa antiga podíase observar tamén na calidade dos seus pavimentos. Habitualmente os pavimentos estaban formados por grandes táboas de castiñeiro de diferente anchura e duns 3,3 cm de grosor, cravadas sobre os pontóns da armazón do piso. Non existía a madeira mecanizada tal como a coñecemos hoxe en día e os cravos fabricábaos manualmente un ferreiro.

38. Podémoslos reutilizar?

A calidade dunha tarima de madeira mídese pola anchura e polo grosor das súas táboas e polo tipo de madeira. Neste sentido, poucos pavimentos son tan interesantes como os que atopamos aínda en moitas vivendas. Se están un pouco comidos pola couza, pódense cepillar e, se as xuntas están deterioradas, é doado recortalas e introducir listóns entre elas. O resultado pode ser sorprendente.

39. Como se coidan?

Unha das calidades da madeira é a súa capacidade de "respirar", equilibrando a súa humidade coa do ambiente. Por iso os vernices non son o máis aconsellable, pois converten o pavimento nun elemento plastificado que non deixa pasar o vapor de auga, precisando, ademais, raspar de novo a madeira para repoñer o verniz cando se desgasta. O mellor tratamento dos pavimentos de madeira son os aceites e as ceras, e para a súa limpeza basta empregar unha baeta ou fregona lixeiramente humedecida para non saturar de auga a madeira e non podrecela.